



ORDENANZA 1.04 IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexirá polo disposto no devandito Real Decreto e pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe a realización no termo municipal de Santiago de Compostela, de calquera construción, instalación u obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras o urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.
2. A estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:
 - a) Construción de toda clase de edificacións e instalacións de nova planta.
 - b) Derrubamentos.
 - c) Obras que afecten ó interior ou exterior dos edificios.
 - d) Alineacións e rasantes.
 - e) As de fontanería e da rede de sumidoiros.
 - f) As que se realicen en cemiterios.
 - g) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licenza de obra o urbanística.
3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aqueloutras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado 1, consideraráse outorgada unha vez dictada a orde de execución, adoptado o acordo ou adjudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo ó interesado.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible, sobre o que se realicen aquelas.
Os efectos deste punto, terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras quen soporten os gastos ou custos que comporte a súa realización.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quen soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.
3. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 4º. Exencións

Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxetas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 5º. Base imponible

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

Artigo 6º. Tipo de gravame e cota tributaria

1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 2 %.
2. A cota líquida do Imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar á cota as bonificacións que se establecen no artigo 8º desta Ordenanza.

Artigo 7º. Obriga de contribuir

1. A obriga de contribuír nace no intre de se escomeza-la construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que escomece sen ter obtido a licenza que proceda.
2. Ós efectos deste imposto, entenderánse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal, no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data do Decreto ou do Acordo da Xunta de Goberno Local.

Artigo 8º. Bonificacións

1. Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que

xustificuen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros

A declaración de especial interese ou utilidade municipal se producirá mediante solicitude do interesado acompañando informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal

2. Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a deducción poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licencia:

- O proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra, de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.
- Detalle dos gastos que comporte a súa execución.

3. Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras declaradas como Vivendas de Protección Autonómica polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Para o disfrute da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licencia, a cédula de cualificación provisional como Vivenda de Protección Autonómica emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

4. Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan ás condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a deducción poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

Para a aplicación desta bonificación será necesario aportar, coa solicitude de licencia:

- O proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente acreditativo de que a construción, instalación ou obra contempla explicitamente medidas adicionais ás establecidas como obrigatorias e mínimas na normativa Autonómica ao efecto
- Detalle dos gastos que comporte a súa execución.

5. As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

- a) Solicitude do interesado
- b) Informe do Servizo de urbanismo nos apartados dous e catro deste artigo.
- c) En todo caso, informe do Servizo de xestión, inspección e recadación tributaria do Concello
- d) Acordo da Xunta de Goberno Local.

6. As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude das correspondentes licencias

7. As bonificacións aplicaránse sobre a cota íntegra do imposto e serán compatibles, sen que en ningún caso poidan exceder do 50% da mesma de forma acumulativa.

Artigo 9º. Normas de xestión

1. Unha vez concedida a licencia ou adoptado o acordo aprobatorio ou autorización en relación coas construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal e, en todo caso, a partires do momento no que se inicie a construción, instalación ou obra, incluso cando non fora solicitada, concedida ou denegada aínda a devandita licencia, o Servicio de xestión, inspección e recadación tributaria practicará liquidación provisional do imposto, sen que o pago da mesma conleve ningún tipo de acto declarativo de dereito a favor do suxeito pasivo.
No caso de que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras e se incrementara o orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración Municipal e comunicada ao Servicio de xestión, inspección e recadación tributaria, practicará a liquidación complementaria que corresponda pola diferenza de orzamento inicial e o modificado
2. O pago da liquidación provisional será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.
3. Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modifica-la base imponible a que se refieren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte.
4. No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa á licencia ou caducara a licencia.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación